

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2023**

Ás 18.00 horas do día 18 de xaneiro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Elvira Lama Fernández

Deputado de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Álvaro Vila Araújo (substituído por dona Elvira Lama Fernández).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de decembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 15 de decembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS OU DE AUTOEMPREGO EN MUNICIPIOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación do texto refundido das bases reguladoras das subvencións para proxectos empresariais ou de auto - emprego en municipios rurais de menor poboación, no marco do proxecto EmprendOu, publicado no Boletín Oficial da provincia de Ourense, de data 07 de xaneiro de 2021 (BOP número 4), nos seguintes termos:

Primeiro. A base primeira queda redactada da forma seguinte:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, 2020, 2021,2022 e ata o 31 de marzo de 2023, no marco do proxecto EmprendOu.

Segundo. A base cuarta. Contía, quedará redactada da forma seguinte:

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica equivalente ao 75 % do salario mínimo interprofesional por cada mes de exercicio efectivo da actividade subvencionada, cun mínimo de 6 meses e un máximo de 12 meses. Estes períodos terán que cumprirse antes do 31 de marzo de 2023, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

2º) Publicar este acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta por un plan piloto que implementara a Deputación nos anos 2017 e 2018 denominado Revivenda, do que foron beneficiarios os concellos da Veiga e Oímbra, e pregunta se se vai volver implementar o dito plan ou algún similar e se existe dotación orzamentaria para isto.

A **presidenta da comisión** toma nota da pregunta.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se existe información sobre o funcionamento da APP promovida pola Deputación Voucontigo, no relativo ao número de descargas, número de alertas, etcétera.

A **presidenta da comisión** sinala que nos últimos días de decembro a empresa informou que se realizaron bastantes descargas da aplicación e que o número de veces que se utilizou o botón do pánico tamén debe ser un dato que coñece a empresa, polo que pedirá información ao respecto para trasladarlle na comisión.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, realiza o rogo de que se actualice na páxina web provincial todo o relativo á Área de Igualdade, xa que contén datos non actualizados e que levan varios anos.

A presidenta da comisión informa de que como xa se explicou noutras ocasións, actualmente estase traballando en actualizar toda a web provincial e que desde a Área de Transparencia xa se lle informou que se poderá actualizar n aparte de igualdade durante a execución destes traballos, se ben non coñece a data exacta.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.